Rudesíndus 4/2008. Páxinas 175-190

DE OURENSE A COMPOSTELA. OS CRUCEIROS DA VÍA DA PRATA

Juan J. Burgoa
Fundación Ferrol Metrópoli

Os Camíños do Sur a Compostela. A Vía da Prata

Terra sagra dos castros e os mosteiros,
dos milagros sinxelos, solermiños,
e dos medorosos tráxicos cruceiros
nos alargos das xuntas dos camiños.
Ramón Cabanillas

Desde o anuncio da descuberta do sartego cos restos do Apóstolo Santiago polo bispo Teodomiro a principios do século IX, a cidade de Compostela, xurdida pola iniciativa do rei Alfonso II o Casto no lugar onde apareceu o sepulcro, converteuse nun foco de atracción para o mundo cristián chegando a ser un dos principais centros de peregrinación xunto con Roma e Terra Santa. Ao longo dos séculos seguintes creouse unha densa rede de camiños que levaron a Santiago unha riola de peregrinos procedentes dos máis afastados recunchos da vella Europa, converténdose o Camiño de Santiago nunha das pezas de formación do continente europeo, o que lle deu a Galicia unha especial relevancia.

Dentro dos camiños xacobeos a ruta coñecida maioritariamente como Vía da Prata foi utilizada por moita xente que entrou no Reino de Galicia desde séculos atrás, aínda que non sempre con fins exclusivamente relixiosos e peregrinos. Así chegaron a través dela a Galicia personaxes como o Gran Capitán ou Felipe el Hermoso, pero tamén utilizouse no senso contrario a principios do século XX por centos de galegos que viaxaban a Castela como segadores, arrieiros ou comerciantes. Se ben este itinerario tiña unha existencia anterior ao propio trazado das vías romanas, como camiño xacobeo cobrou importancia a partires do rei Fernando III el Santo, unha vez asegurada a Reconquista no sur da Península e aberta á posibilidade de intercambio de persoas e mercadorías entre o norte e o sur do territorio peninsular.

Ao longo do tempo e segundo os lugares por onde ía cruzando esta ruta, a de maior percorrido por territorio galego, foi denominada cos diferentes nomes de Antigo Camiño de Castela, Camiño de Chaves, Camiño Real de Santiago, Ruta Meridional ou Camiño Mozárabe, sendo o máis estendido e coñecido o da Vía da Prata, traxecto que comeza en Andalucía e que logo atravesa as terras de Extremadura e León. Entrando xa en Galicia, desde A Gudiña compartiron historicamente o camiño a Ourense dúas rutas alternativas, unha circulando por Verín, Xinzo de Limia e Allariz, e outra pasando por Laza, Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía. Desde Ourense a ruta continúa por O Carballiño, San Cristovo de Cea, Lalín, Silleda, A Estrada e Vedra, entre outras localidades, ata chegar a Santiago. Ademais na localidade de Verín uníase, procedente de Chaves, o ramal portugués máis importante deste itinerario.

Como o resto das vías xacobeas, este histórico itinerario percorre vellos camiños e sendeiros que cruzan cidades, vilas, aldeas, montes, vales, praderías, terras de labor e cursos fluviais, véndose enriquecido con vellas pontes, fermosos pazos, artísticas igrexas, ermidas e conventos, tradicionais fontes e antigos hospitais, albergues e ventas, nunha completa mostra da riqueza do patrimonio cultural e natural de Galicia. As necesidades propias da peregrinación e as variadas influencias da cultura europea orixinaron un tipo peculiar de arquitectura e un estilo de características propias que se vai a repetir ao longo da ruta xacobea. En particular, a escultura, que estivo moi influída nos seus principios pola arte románica, aporta un sentido didáctico e de ensinanza relixiosa aos fieis, directamente ou mediante simbolismos.

Dentro desta manifestación artística, encadrado na arte popular, pódese considerar o cruceiro, obra de gran raizame na vida e xeografía galega que estivo condicionada na súa evolución polo Camiño de Santiago, que tamén tivo moito que ver na súa consolidación e expansión por toda Galicia. Os cruceiros foron ergueitos ao longo do territorio galego por diferentes motivos. Un deles foi o de sinalar o camiño ao peregrino como fitos indicadores da ruta, axudados do alto varal que os fai visibles na distancia e que achega cara á altura os pensamentos devotos, á vez que lle fornece do socorro espiritual da súa protección e o auxilio material dos seus banzos para a oración e o descanso. Neste traballo faremos un percorrido por algúns dos variados cruceiros existentes no tramo da ruta que leva de Ourense a Santiago de Compostela.

Os aspectos relixiosos e simbólicos do Cruceiro

¡Meus homildes cruceiros aldeanos¡…
Centinelas das longas corredoiras…
guardiás dos silenciosos camposantos¡…

Todo ond'a vos é triste
y-e solemne e calado.
Símbolo dos misterios d'alá enriba…
testigos das miserias d'acá embaixo…

Eladio Rodríguez

Unha gran parte dos cruceiros galegos atópanse situados nos adros das igrexas, no interior dos cemiterios, nas encrucilladas e camiños sinalizando as rutas de peregrinación e romarías ou na proximidade de templos e capelas indicando a súa presenza como continuadores do espazo relixioso. Existe ademais un amplo número de cruces de pedra non colocadas expresamente nos devanditos lugares, ergueitos por diversos motivos relixiosos: penitenciais, impetratorios, conmemorativos, de acción de grazas, de protección de peregrinos, de beneficio de ánimas, de concesión de indulxencias ou de realización de vía crucis.

Como obra escultórica de arte relixiosa popular non se pode esquecer no cruceiro o práctico sentido didáctico e de ensinanza simbólica aos fieis que desde época medieval sempre tivo a escultura relixiosa, representada de xeito singular pola presenza na cruz das imaxes de Cristo e de María, como respectivos Redentor e Corredentora ou Mediadora do xénero humano. Ademais unha parte importante dos cruceiros galegos, en especial os parroquiais, foron elaborados baixo as indicacións do propio párroco ou dalgún crego. A función didáctica destas esculturas populares propiciou e viño realzada pola presenza de numerosas imaxes, simbolismos ou alegorías tallados en diversas partes destas obras.

Todo un mundo de devocións inspirado na mensaxe cristián móvese arredor do cruceiro, sendo o principal o que deriva da imaxe do Crucificado do anverso, eixo e motivo da obra. En ocasións aparece unha tradicional representación do Calvario coa Virxe María e San Xoán Evanxelista ao pé da cruz. Outras veces aparece San Francisco abrazado ao costado de Cristo, como reflexo da tradición das ordes mendicantes, ou un anxo recollendo a sangue do seu costado nun cáliz, como lembranza do Santo Graal. Nalgúns cruceiros represéntase unha escena do Descendemento con abondosa iconografía de persoeiros de época.

Dentro do sentido relixioso dos cruceiros é de gran importancia o simbolismo que se desprende da imaxe de Cristo. Así pode aparecer coas mans abertas, pechadas ou cos dedos índice e corazón estendidos, nunha peculiar mensaxe simbólica que denota respectivamente a misericordia, a omnipotencia e a bendición de Deus. Aínda que certo número de cruceiros amosan a única imaxe de Cristo colocada ao fronte, mentres que o reverso aparece espido de efixies, o normal é que na parte traseira da cruz apareza unha ampla variación iconográfica coa Nai de Deus contrapesando a imaxe do anverso. Na maioría dos casos, as dúas grandes protagonistas do reverso son a Virxe da Piedade e a Virxe das Dores, de formas variadas

segundo os lugares e a interpretación do autor, pero sempre tratadas con gran sensibilidade e moitas veces cargadas de expresividade.

No que atinxe aos motivos decorativos de orde relixiosa e simbólica utilizados nos capiteis dos cruceiros aparecen de xeito recorrente os querubíns con ás ou cabezas de anxiños así como pequenas figuras de evanxelistas ou santiños. Outras veces aparecen baixo as efixies do Cristo e a Virxe os adobíos do sol ou a lúa (como símbolos medievais do Home e a Muller), así como outros elementos simbólicos decorativos tales como caveiras (símbolo da morte), cunchas de vieiras (lembrando a peregrinación xacobea) ou botóns florais de catro e seis pétalos (símbolos da esperanza).

As columnas ou varais adoitan acoller nos exemplares máis artísticos e traballados as tallas de santos, ben pola súa raizame na devoción popular, ben pola influencia das ordes mendicantes ou polo reflexo das rutas xacobeas. Deste xeito, aparecen de maneira especial as imaxes de Santiago, San Antonio, San Roque, San Bieito, San Martiño, San Francisco e outras advocacións parroquiais. Así mesmo no cruceiro atópase implícito moitas veces a mensaxe cristiá da Redención coa presenza de abondosos simbolismos, sexan os instrumentos ou atributos da Paixón (escada, lanza, espada, látego, hisopo, tenaces, martelo, cravos, coroa de espiñas) tallados no fuste, ou unha representación sintética do Pecado Orixinal con Adán e Eva expulsados do Paraíso Terreal, onde tamén poden aparecer o Demo na forma de serpe ou píntega e o Árbore da Vida ou do Ben e o Mal.

No pedestal acostúmase a gravar as inscricións do cruceiro. Ademais dos epígrafes referidos á autoría, a quen o mandou facer e o costeou e os motivos da erección, aparecen outros de índole piadosa e devota, lendas dirixidas ao camiñante ou de concesión de indulxencias. Estas inscricións, como reflexo da época, son case sempre en castelán, algunhas veces en latín e moi poucas en galego. En canto á presenza de motivos alegóricos e de símbolos relixiosos é corrente a presenza nos bordos e esquinas dos pedestais de relevos de caveiras con tibias cruzadas, como símbolo da morte, acompañadas de serpes ou lagartos, como símbolo do pecado.

En ocasións aparece un peto de ánimas colocado de forma exenta, adosado ao pedestal ou tallado nalgunha cara, na forma dun retablo ou relevo de ánimas como referencia piadosa, tan estendida en Galicia desde o século XVII, ao Purgatorio, coas ánimas entre as lapas nunha actitude suplicante, debaixo das imaxes dos intercesores como a Virxe do Carme, San Antonio, San Francisco ou San Miguel, nunha composición sinxela de corte inxenuo e popular. Estas obras integradas no cruceiro, igual que cando constitúen obras independentes, adoitan levar gravadas inscricións de oración ou lembranza das ánimas.

Son tamén numerosos os cruceiros espidos de imaxes na cruz, aínda que adoitan amosar algún adobío. De xeito normal aparecen no cruce dos paos da cruz, o

relevo dalgún símbolo relixioso como un cáliz coa Sagrada Forma ou unha Custodia (como motivo alegórico da fe), un corazón, ás veces cun puñal ou tres cravos (símbolo do amor cristián), unha coroa de espiñas ou un sudario (lembrando a Paixón de Cristo). Mesmo pode aparecer algún símbolo ou obxecto profano como un disco ou roda solar ou un trisquel de proxenie celta.

Un feito a ter en conta dentro do simbolismo destas obras é o da colocación dos cruceiros nos adros parroquiais nos que a orientación da cruz ten un especial significado, de tal forma que o cruceiro aparece cos seus brazos paralelos á fachada da igrexa polo que a imaxe de Cristo, verdadeiro protagonista da obra, queda de costas ao templo, nunha postura e xesto de acollida aos fieis. Do mesmo xeito nos cruceiros do ámbito rural, o crucifixo adoita colocarse ollando sempre ao camiño onde se ergue.

Desde o punto de vista extrínseco, como elemento sacralizador e continuador do espazo relixioso, son variadas as manifestacións externas devotas que acompañan ao cruceiro en xeral e os abundantes ritos particulares de certos exemplares. Ademais dos exemplos citados, as cruces de pedra levantadas nas zonas rurais de maneira xeneralizada reciben o respecto e devoción dos veciños á vez que move a algún tipo de manifestación relixiosa por parte dos viandantes, ben o simple rezo dunha oración ou o feito de persignarse a súa beira.

No que se refire aos cruceiros dotados de mesas de altar no seu fronte, si ben se perdeu a tradicional costume de que servisen de apoio aos cadaleitos no seu camiño ao cemiterio para o rezo de responsos e oracións, aínda segue vixente en moitas parroquias rurais o traslado ata o cruceiro das procesións festivas do lugar ou as do Corpus Christi, a Ascensión e o Domingo de Ramos, con parada e descanso das imaxes no pousadoiro ou mesa de altar, procesións de rogativas que arrodean ou dan a volta no cruceiro, así como, en certos casos, a celebración de misas de campaña co cruceiro parroquial adobiado de lenzos e unha profusa ornamentación floral.

Ademais das manifestación de carácter xeneral, son tamén abondosos os ritos singulares que se asocian e acompañan a moitos exemplares espallados pola xeografía galega. Se mesturan crenzas populares, supersticións e costumes de carácter sacro e profano como poden ser a celebración da festa dos Maios, a curación de determinadas enfermidades como o tangaraño e o ramo cativo, os bautizos prenatais baixo as pontes ou os enterros de nenos sen bautizar. O certo é que xunto coa desaparición física de moitos cruceiros se está a producir unha perda constante das costumes e tradicións populares asociadas aos mesmos, coa desaparición dun interesante patrimonio intanxible e un rico acervo etnolóxico.

Os cruceiros e cruces de pedra da ruta

Dentro dun amplo tramo da Vía da Prata dentro de Galicia, o traxecto que une as cidades de Ourense e Santiago, escolléronse algúns dos cruceiros de maior interese que sinalizan a ruta para presentalos neste traballo.

Situado no medio da praza da Madalena, no centro histórico de Ourense, é unha obra de gran interese datada a principios do século XVII e trasladada desde a alameda da Ponte Vella a este lugar. Sobre unha nova plataforma de tres banzos leva un curioso pedestal semiesférico decorado con molduras curvas e unha lanzal columna cilíndrica

01. Cruceiro da Madalena. Ourense



02. Cruceiro de Cudeiro

con estrías finas no terzo baixo e grosos canais no resto. Segue un voluminoso capitel esférico de dobre cesta con adobíos en forma de piñóns sobre o que se asenta unha fermosa cruz de reminiscencias góticas, de forma serrada e remates biselados, decorada con tres medallóns no reverso. As imaxes son de feitura barroca e formas harmoniosas: o Cristo de tres cravos baixo letreiro de INRI colocado sobre unha caveira e a Virxe das Dores en actitude recollida sobre peaña de anxiño, ambas efixies baixo unha umbela ou doselete

Ergueito no adro da igrexa de San Pedro de Cudeiro é unha obra moi recente e de certa calidade. Feito de pedra de gra moi branca, as súas formas

son clásicas e os seus elementos tradicionais: plataforma gradada, pedestal prismático e fuste cilíndrico, que leva ao fronte e a media altura unha imaxe de vulto redondo de Santiago cos atributos de peregrino. O capitel, de forma clásica cun ábaco ben definido, decórase de acantos, volutas e botóns florais e a cruz de forma latina e sección leñosa leva unhas axeitadas efixies do Crucificado baixo cartela de INRI, colocado moi estático sobre un supedáneo, e da Virxe Gloriosa co Neno, colocada frontal, coroada e dotada dun cetro. Trátase dun exemplo das novas cruces de pedra levantadas para realzar o camiño.

03. Calvario de Ribela

04. Cruceiro de Santiago de Gustei

Atopamos na ruta xacobea un fermoso conxunto de tres cruces de pedra cubertas de liques, levantadas o século XVIII nun alto xunto á igrexa de San Xoán de Ribela, ollando cara ao peregrino que pasa ao seu carón. O cruceiro central é o máis alto, como é acostumado, e é o único que leva plataforma de graos compartindo cos cruceiros laterais os pedestais de bordes rebaixados e os capiteis de sinxela molduración de bocel. O seu varal é de forma oitavada e a cruz é de extremos potenzados, espida de imaxes e leva un amplo aro ou disco central, lembrando a tradición celta. Os cruceiros laterais máis baixos, levan columnas de forma cilíndrica e as cruces son lisas, cuadrangulares e carentes de imaxes.

Exemplar situado na praza do Campo, preto da igrexa parroquial de Gustei. A columna oitavada con marcados rebaixes en punta de frecha aséntase sobre un tradicional baseamento composto de plataforma e pedestal. A mesa de altar ou pousadoiro vai colocada exenta nun lateral, como resultado dun erro no traslado ou restauración da obra. O capitel tronco-cónico de amplas molduras de caveto soporta unha cruz latina de paos enmarcados con canais que acolle un Cristo de pelo longo, pernas moi flexionadas, formas enxebres e pouco proporcionadas, conservando sinais da súa antiga policromía.

Un exemplar fermoso, coñecido e de gran interese é o levantado no barrio das Flores de O Carballiño, procedente da antiga igrexa parroquial. Trátase dunha obra de época barroca de gran elegancia e artístico traballo, colocada nun lugar axeitado. Leva banzos ben traballados, amplo plinto con relevos de atributos da Paixón nas súas caras e un sobrepedestal enmarcado cun pequeno retablo de dúas ánimas entre as lapas do Purgatorio que da orixe a unha lanzal columna con figuras de corpo enteiro talladas no terzo alto e en ambos frontes de San Xoán Bautista e San Francisco. Un fermoso capitel de esquema xónico con ábaco moldurado e decorado con unha caveira, tres anxiños e sobresaíntes volutas da paso a unha cruz alta, fina e oitavada con remates florenzados As

05. Cruceiro do Barrio das Flores. O Carballiño

06. Cruceiro do Mosteiro de Oseira

imaxes ben labradas son a de Cristo baixo pergameo de INRI, coroa de espiñas, pano de amplo nó e despegado do madeiro e da Virxe das Dores, vestida dun requintado manto e nunha tradicional actitude orante colocada más baixa que o Crucificado.

Na saída do mosteiro de Oseira cara a Santiago chama a atención pola súa sinxeleza unha senlleira cruz de pedra que desde a súa visible situación serve de sinal do traxecto e acompaña a viaxe dos peregrinos. A obra que está colocada sobre un elevado conxunto de rochas, carece de plataforma e pedestal. Nace dunha sólida columna, afincada directamente nas pedras, coa súa sección oitavada levando na parte alta un sinxelo capitel de saíntes filetes e molduras rectas que se coroa cunha cruz de forma case grega e paos octogonais lisos, carente de imaxes.



07. Cruceiro e peto de Cotelas

Nunha encrucillada da parroquia de San Mamede de Canda, concello de Piñor de Cea, atópase un interesante e ben conservado conxunto etnográfico formado por un cruceiro e un peto de ánimas de formas moi xeométricas. O conxunto, coñecido como Cruz de Cotelas, é obra do século XIX e levántase sobre unha plataforma común de cinco graos. O cruceiro e de fuste cuadrangular cun falso capitel liso formando parte da cruz que é de tamaño grande e de tipo patriarcal ou de Lorena con dobres paus transversos lixeiramente desiguais, coas caras enmarcadas e carentes de imaxes. Ao seu lado o peto de ánimas de tres corpos; o baixo rematado dunha repisa para a colocación das ofrendas; o intermedio cun fornelo cadrado protexido por unha reixa metálica, no interior leva unha táboa de madeira con imaxes pintadas de Cristo, a Virxe do Carme e San Antonio, con lendas a modo de filacterias, e as ánimas do Purgatorio na parte inferior; o corpo alto remata dun frontón triangular a dúas augas cunha inscrición piadosa ao fronte. Coroamento dunha pequena cruz lisa de forma octogonal.

Entrando no concello de Dozón a ruta pasa fronte á capela de Santo Domingo, sinalada por unha cruz de pedra ergueita no campiño da mesma. Trátase dun exemplar moi coñecido polos peregrinos, obra moi sinxela e sen adobíos pero representativa das cruces de pedra que balizan o territorio galego. Colocado sobre

unha plataforma moi simple, o varal da obra é liso e de sección octogonal mentres que o capitel é amplo e de molduras lisas e de caveto. A cruz e de tipo latino, paos octogonais, remates lixeiramente florenzados e carente de efixies.

Este vello exemplar do século XVII atópase no medio da aldea de Donsión, sinalizando a veciña igrexa de Santa Baia. Sobre unha ampla plataforma vai o pedestal cúbico con remates en chafrán e adobiado con gastados relevos de símbolos da Paixón e unha inscrición ilexible, levando ben colocado ao fronte un pousadoiro de curta altura. A columna é de sección circular con remate de colariño, decorada con numerosas figuras e atributos relixiosos, ao fronte efixies pequenas de Adán e Eva, corazón, cáliz e caveira, á dereita látego e escada, á esquerda tenaces, martelo e tres cravos, nunha completa mostra que lembra a Paixón. O voluminoso capitel adobiase con follas de acanto, adornos florais, volutas e anxiños. A cruz de paos cilíndricos leva no anverso unha imaxe do Crucificado de canon lonxilineo, coa cabeza ergueita baixo cartela de INRI, separado da cruz, con perizoma de amplo nó e mans abertas amosando a misericordia divina e no reverso unha esquemática e pouco estética Virxe da Piedade en marcada composición vertical co Fillo de pequeno tamaño, colocada sobre peaña de anxiño.

08. Cruceiro da capela de Santo Domingo

09. Cruceiro de Donsión

En plena ruta da Vía da Prata, na beira da estrada de Santiago a Ourense, atópase un exemplar de mérito e calidade escultórica, moi alta e esvelta, obra dos primeiros anos do século XX. Sobre a plataforma de tres chanzos tapados pola maleza leva un pedestal prismático con inscrición da súa erección. O lanzal varal cilíndrico adelgazado en altura remata nun colariño circular e un elegante e ben traballado capitel, iniciado dun astrágalo circular e decorado con follas de acanto, volutas e cabeciñas de anxo. A cruz latina é de paos rugosos imitando as ramas dun árbore levando dúas artísticas efixies; a de Cristo de bo modelaxe cun anxo recollendo a sangue do seu costado, lembrando a tradición franciscana, coa testa caída á dereita e as mans abertas e da Virxe das Angustias con coroa e unha espada metálica cravada no seu peito, cunha peaña que se apoia nun anxiño a xeito de cariátide.

10. Cruceiro de Bendoiro

11. Cruceiro de Santiago de Taboada

Atopamos unha obra grande e rechamante, de orixinal e discutida feitura, situada fronte á igrexa parroquial de Taboada, no concello de Silleda. Levantada sobre cinco grandes banzos de bordes traballados leva un elaborado pedestal de curta altura e unha tradicional mesa de pousadoiro colocada sobre a grada alta. Segue unha espectacular columna de dos corpos abombados con estrías verticais e un capitel de orde composto e decoración tradicional de dobre ringleira de follas de acanto, volutas e anxiños baixo un estreito ábaco. A

cruz é cilíndrica espiñosa con remate de bolas, acollendo ao fronte un Crucificado coa testa ladeada á dereita, os pés cravados xuntos sobre un supedáneo e as mans abertas e unha Virxe das Dores de faccións esquemáticas, en actitude pregante, moi frontal e simétrica, vestida de manto e túnica e colocada sobre unha peaña xeométrica.

Outra das cruces de pedra desta ruta está situada no adro da igrexa de Santa Olalla de Silleda, tratándose dunha obra de formas curiosas levantada sobre unha pequena plataforma e un pedestal cúbico de caras enmarcadas. O fuste de forma oitavada rematando nun colariño que da paso a un clásico capitel xónico que inicia cun astrágalo cilíndrico e se adobía con



12. Cruceiro de Silleda

13. Cruceiro de Bandeira

pequenas volutas e cabezas de cabezas de anxiño, sobre o que se asenta unha sólida cruz de forma latina e paos cadrados. As imaxes son modernas e de formas xeométricas que lles dan aparencia primitiva: un Cristo de talla curta e cabeza grande ollando ao ceo baixo cartela de INRI, mans cravadas e os pes sobre un supedáneo e da Virxe das Dores orante, de formas ríxidas e esquemáticas, colocada sobre unha pequena peaña.

Un exemplar de gran interese é o coñecido como cruceiro de Bandeira, hoxe colocado dentro do cemiterio de Manduas: Obra notable de finais do século XVII amosa abundantes liques na meritoria e fermosa cruz acanalada con remates de botón florenzado, que

porta unha imaxe de Cristo de formas maxestosas coa testa ergueita, longas guedellas, marcada anatomía e os brazos estendidos e unha Virxe da Piedade, de formas dinámicas, vestida de manto e túnica, co Fillo de pequeno tamaño no colo. Unha baixa plataforma que soporta un pedestal enmarcado de forma tronco-prismática con inscrición ilexible e unha columna da clásica forma oitavada con biseis en punta de frecha levando tallada a figura dun santiño franciscano ao fronte e un artístico e detallado capitel cuadrangular coas efixies en mediorrelevo dos Evanxelistas completan esta histórica obra.

No visible emprazamento da praza situada fronte ao pazo de Oca levántase

14. Cruceiro do Pazo de Oca

15. Cruceiros de Ponte Ulla

un novo exemplar. Obra tradicional e de certo mérito datada no século XVIII, amosa as remodelacións sufridas co paso do tempo. A plataforma de catro graos é ampla e elegante e o pedestal cuadrangular se remata de moldura de bocel. O varal é delgado e de forma circular coroándose dun capitel que inicia de forma circular e remata con molduras de bocel e de filete. A cruz é de acusada forma latina con paos lisos e moi rectos mentres que as imaxes son de talla clásica e académica: o Crucificado pegado ao madeiro, con coroa de espiñas, cabeza caída á dereita e amplo pano de pureza e a Virxe en actitude orante de mans xuntas, vestida de manto de pregues ondulados.

Dentro do concello de Vedra atópase o chamado cruceiro da Madanela, exemplar barroco situado no torreiro parroquial de Santa María de Ponte Ulla. A plataforma é de tres gradas cuadrangulares e o pedestal é prismático coas arestas altas en chafrán e unha inscrición de erección. A alta columna comeza cadrada e pasa pronto a oitavada levando unha imaxe en mediorrelevo de María Madalena. O capitel é de formas neoclásicas rematando de molduras rectas e de caveto mentres que a cruz latina é de curtos paos oitavados co clásico remate florenzado de botón central. Leva boas imaxes de Cristo de mans pechadas como símbolo da omnipotencia de Deus, coroa sogueada e marcada anatomía, e da Virxe da Piedade colocada sobre peaña, recollendo ao Fillo de pequeno tamaño, amosando a cruz e as efixies restos da antiga policromía.

16. Cruceiro do Pazo de Ribadulla



17. Cruceiro de Lestedo

O exemplar situado na entrada do pazo de Santa Cruz de Ribadulla, lugar de Ortigueira, é unha sobranceira obra antiga coas súas vellas pedras cubertas de mofo e liques nun fermoso e bucólico emprazamento baixo un vello carballo. Sobre plataforma elevada de cinco graos, o último facendo de pedestal, o fuste de marcado oitavado leva ao fronte unha figura da Virxe e na parte posterior un santiño. O xeométrico capitel de molduras, adobiado con cabezas de anxiños con ás, serve de soporte a unha cruz de paos cilíndricos con imaxes de bo tamaño e de formas enxebres dun

Cristo de tres cravos, pano de aparatoso nó e brazos flexionados baixo cartela de INRI e unha Virxe da Piedade de presentación frontal e formas de pouco relevo, co Fillo desmadeixado en brazos.

18. Cruceiro do Sar

No concello de Boqueixón, lugar de Vilar, na beira do camiño a Compostela atopamos unha rechamante e elegante obra protexida por una cadea colocada entre piares de pedra. Unha boa plataforma octogonal de catro chanzos de bordos bocelados e un artístico pedestal con remate de moldura mediacana e unha inscrición de principios do século XX soportan un varal estreito e lanzal tamén octogonal. O elegante e estilizado capitel é de orden composto rematado de ábaco curvilíneo e decórase con follas de acanto, cabezas de anxiño con ás e volutas esquinais mentres que a cruz é de forma latina e de sección octogonal. As imaxes de feitura neoclásica e boa modelación son as do Crucificado de marcadas faccións e a testa caída á dereita baixo pergameo de INRI e da Virxe das Dores nunha tradicional postura orante de mans xuntas, colocada sobre unha peaña de formas xeométricas.

O último dos cruceiros deste tramo da Vía da Prata atópase nunha encrucillada preto da Colexiata do Sar, sendo unha obra antiga, ergueita o século XVI con reformas posteriores. Levántase sobre unha refeita plataforma, un sólido pedestal achafranado de inscrición pouco lexible e unha forte columna de sección octogonal rematada dun colariño cilíndrico. O conxunto de capitel e cruz pertencen á obra orixinal, amosando restos de policromía: o primeiro é de dous corpos cunha curiosa decoración, astrágalo circular, sobresaínte corpo alto con anxiños con ás nas esquinas e ampla lousa superior. A cruz é de gran tamaño con remates potenzados en punta de diamante, sendo a imaxe de Cristo de labra clásica e detallada, aparecendo coas mans pechadas, coroa de espiñas e desgastado letreiro de INRI, e da Virxe da Piedade de tamaño moi grande, amplo manto e formas tradicionais, co Fillo exposto máis que recollido no seu colo.

Bibliografía

Burgoa Fernández. J. J. Aulas no Camiño. De Ferrol a Compostela. Los cruceros del Camino Inglés. O Camiño Inglés e as Rutas Atlánticas. Universidade da Coruña, 1997.

Burgoa Fernández, J. J. Cruces, cruceiros e petos do Camiño Portugués en Galicia. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo, 2005.

Burgoa Fernández, J. J. De Mondoñedo a Compostela. Cruceiros e construcións relixiosas da arte popular no Camiño do Norte. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Tomo XIII (2006-2008).

García Bayón, C. Los Caminos de Santiago en Galicia. Biblioteca Gallega. A Coruña, 1991.

Laredo Verdejo, J. M. Os Nosos Cruceiros (Tomos I y II). Boreal-Xuntanza Editorial. A Coruña, 1993.

López Gómez, F. S. Roteiros de Compostela. Galicia-Portugal. Arco Atlántico. A Coruña, 1993.

Outeiriño, M. El Camino Mozárabe a Santiago. Prolongación de la Vía de la Plata. Caixa Ourense 1999.

Rivas Quintas, E. Camino Meridional de Santiago. Continuación de la Vía de la Plata. Xunta de Galicia. Santiago, 1993.

Sendín Blázquez, J. Vía de la Plata. Calzada y Camino de Santiago. Zamora, 1992.

Soria y Puig, A. El Camino a Santiago. Estaciones y señales. Ministerio de Obras Públicas y Transportes. Madrid, 1992.